



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD81PLA08

Memoria anual do CMUS Profesional da Coruña

Curso: 2025 - 2026

Data: 27 de xuño de 2025



Índice

1	Modificacións introducidas na PXA3
1.1	Grao de consecución dos obxectivos planificados3
2	Avaliación interna da xestión do centro; Error! Marcador no definido.
3	Actividade dos órganos colexiados de goberno6
4	Actividade dos órganos de coordinación docente6
4.1	Departamentos didácticos6
4.1.1	Análise e medición8
4.2	Comisión de coordinación pedagóxica8
4.3	Equipo de dinamización da lingua galega8
4.4	Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas9
4.5	Coordinación do grao elemental9
4.6	Coordinación das tecnoloxías da información e comunicación9
4.7	Coordinación da biblioteca9
5	Memoria de xestión económica9
6	Revisión pola dirección do SXC10
6.1	Análise indicadores do proceso10
6.2	Avaliación de Auditorías e NC do SXC10
6.2.1	Resultado das auditorías internas e externas10
6.2.2	Xestión das NC e estado das accións correctivas11
6.3	Revisión do DAFO/Partes interesadas/Riscos e Oportunidades11
6.4	Satisfacción das partes interesadas12
6.4.1	Análise Enquisas12
6.4.2	Análise Suxestións, Queixas e Reclamacións12
6.5	Valoración de Provedores12
6.6	Recursos: adecuación e necesidades12
6.7	Necesidades de cambio no sistema12
6.8	Propostas de mellora13
7	Anexos13

1 Modificacións introducidas na PXA

Non se realizaron modificacións na PXA.

1.1 Grao de consecución dos obxectivos planificados

DIMENSIÓN PEDAGÓXICA

Promover unha conciencia colectiva do proceso ensino-aprendizaxe

Elementos positivos	Elementos a mellorar
Desenvolvemento de proxectos transversais a través do EDLG, Igualdade, GE, biblioteca e varios departamentos.	Plan de atención á diversidade necesita unha revisión

Impulsar a formación do profesorado atendendo ás súas necesidades

Elementos positivos	Elementos a mellorar
Profesorado interesado na mellora, propostas	Análise das necesidades formativas e plantexamento de formacións valiosas dentro do PFP.

Orientar ao alumnado de cara a acadar o éxito académico nas ensinanzas artísticas

Elementos positivos	Non acadado
Propostas pedagóxicas non curriculares foron realizadas e valoradas positivamente (obradoiro de composición) Aumentou o uso dos estudos por parte do alumnado (entre 35-50 reservas ao día; hai que engadir o traballo con pianistas acompañantes)	Implantación do Plan de Acción Titorial (parcialmente a través de accións, mais non se elaborou documento).

Fomentar unha visión da música que abranza diferentes épocas e lugares

Elementos positivos	Elementos a mellorar
Evolución das especialidades de música moderna. Variedade do repertorio traballado nas agrupacións. Concertos de música antiga (CMUS Ourense), así como de música tradicional e contemporánea.	Alumnado da especialidade de baixo eléctrico en GP o vindeiro curso.



GOBERNO E COORDINACIÓN

Facer consciente á comunidade da estrutura do centro, funcións e competencias

Mellorouse a visibilidade da estrutura de cara ás familias en xeral, aínda que seguen existindo dúbidas sobre a quen dirixirse en certos procedementos.

Aumentou a participación directa en certas coordinacións (Igualdade, TIC, Prox. internacionais), mais é posible conformar un equipo máis numeroso noutras (Biblioteca, EDLG).

Mellorar os procesos organizativos, de comunicación e coordinación de órganos

Aumento da utilización do formulario de reservas e consulta do calendario de actividades e uso de espazos.

Non temos consciencia dunha mellora evidente no tocante á documentación común a todos os CMUS facendo desta unha documentación sinxela e eficaz.

Actualizar os documentos organizativos do centro

Mellora de axilidade na matrícula a través da campaña de fomento do procedemento telemático.

Revisáronse as NOF e a PXA.

O PEC será revisado así como o proxecto lingüístico.

DIMENSIÓN RELACIONAL

Favorecer a convivencia, integración e igualdade

Dinamización a través do concurso de carteis, dos enigmas de compositoras.

Participación do alumnado do Proxecto Inclusivo nos concertos de agrupacións.

Exclusión dos CMUS do Proxecto+/Donas de si

Mellorar a imaxe do centro de cara ao exterior

Grande elaboración de contido audiovisual para redes sociais (Instagram e canle de YouTube)

Pendente remodelación da páxina web.

Combater o abandono e fomentar a promoción das ensinanzas

Actividades con repercusión: visitas a colexios, concerto didáctico, portas abertas, vídeos de achegamento ás nosas ensinanzas.

Promover as relacións do centro cos diferentes axentes

Continuidade de contacto con organizacións e busca de novas oportunidades.

XESTIÓN E RECURSOS

Coidar e renovar os espazos e material do centro

Creación do protocolo de detección de incidencias, que funcionou ao longo de todo o ano, podendo ter con máis axilidade o coñecemento de calquera problema.



Elaborouse un informe para coñecemento da Unidade Técnica sobre o estado das instalacións.

Renovouse instrumental e comezouse a traballar na mellora do estado dalgúns dos pianos do centro que así o requerían.

Promover o uso das tecnoloxías a disposición do profesorado

Elaboráronse tutoriais para o emprego do material.

Dotación de portátiles para profesorado, principalmente destinados a xefaturas de departamento e coordinacións

A mellorar: Non se implementou un sistema de reservas de material, partiuse este ano da improvisación e de falta de previsión.

Actualizar as partidas orzamentarias e gastos

Fíxose na liña doutros anos, sen incidencias destacables.

A mellorar: as viaxes non programadas dende principio de curso supuxeron un gasto maior do agardado inicialmente.

2 Avaliación interna da xestión do centro

Atendendo aos catro principais bloques de obxectivos:

Dimensión pedagóxica

O equipo directivo traballou en diferentes liñas: elaboración de horario de estudo do alumnado para fomentar a práctica instrumental dentro das instalacións, aproveitouse o horario de profesorado en atención adicada, con exemplos como o obradoiro de composición ou o contacto coa viola para violinistas, que favorecen unha aprendizaxe transversal e que poden axudar á orientación do futuro do alumnado de grao profesional cara ramas vinculadas coas ensinanzas artísticas.

Goberno e coordinación

Promoveuse a existencia de delegadas/os de curso, elemento que fixo que aumentase tamén a participación de representantes de alumnado no Consello Escolar. Mellorouse neste campo como tamén na representación de PAS.

Aumentouse a participación e organización de audicións, de xeito que ao estar marcadas a meirande parte delas dende principio de curso, a coordinación entre departamentos progresa cara unha maior facilidade.

Dimensión relacional

Este ano valoráronse como moi positivos os novos contactos con entidades e asociacións da cidade, como a Deputación da Coruña que recoñeceu o labor da Coordinación de Igualdade, o Concello que nos permitiu facer un concerto no parque de Eirís, a Asociación de Veciños de Labañou, a Asociación Amigos de la Ópera da Coruña, o Banco de Alimentos Rías Altas, a organización Ensaia, a AC Donaire (música tradicional), a EOI, a Asociación PRODAR, a Orquestra de Cámara Galega, o Coro Gaos, o festival Resis,



a OSG, así como diversos CMUS de toda Galicia, entre outros. Neste eido queda seguir traballando para tecer rede, buscando sinerxias que nos permitan crecer e coñecer.

Xestión e recursos

O principal problema é o das aulas e das substitucións. O número de aulas é reducido para o volume de profesorado e alumnado que temos, polo que hai momentos da semana nas que a ocupación é total. Plantéxase para o vindeiro curso un mellor aproveitamento das aulas por parte dos departamentos, confiando nos espazos asignados pola xefatura de estudos. Faise un intenso traballo dende principio de curso mais é mellorable.

Con respecto á chegada de profesorado, foron numerosos os momentos nos que cuestións alleas á nosa xestión implicaban unha falta de profesorado e por tanto perda de clases para o alumnado. Faise necesaria unha mellora no procedemento e tempos das xestións das substitucións.

Os recursos económicos non son moi grandes para un centro das nosas características. Afortunadamente, este ano chegou un piano de cola, dotación que non é habitual mais tampouco cubre toda a necesidade existente. Por outra banda, as numerosas actividades con desprazamento fixeron que houbera un maior gasto en transporte que noutros anos. De cara ao curso próximo deberemos reducir estas saídas cando non estean estritamente plantexadas dende o inicio de curso.

Atendendo a estes elementos, a valoración é positiva, mais entendendo que todos os campos teñen elementos que mellorar, detectados nesta análise.

3 Actividade dos órganos colexiados de goberno

Consello escolar

As principais cuestións neste curso académico foron:

A renovación parcial do CE, que implicou unha maior participación de alumnado así como de unha nova representante de PAS.

Aprobación de cuestións relacionadas cos orzamentos, con prazas e admisión de alumnado, así como propostas en cuestións organizativas. Apoíouse a idea de conectar, se é posible, a Rúa Educación con Avda. Manuel Murguía, para favorecer o tránsito entre CMUS, EOI e CSM.

Claustro de profesorado

As principais cuestións neste curso académico foron:

Aprobación de documentación e información sobre diferentes aspectos do curso. Reflexionouse ademais sobre os procesos de auditoría, dos que se compartiu un sentir de falta de coidado polas nosas ensinanzas.

4 Actividade dos órganos de coordinación docente

4.1 Departamentos didácticos

En xeral, todos os departamentos indican pequenos cambios nas súas programacións para o curso 2025-2026. Ademais aquí achego algunhas cuestións, máis particulares:



FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

Valóranse como necesarias as horas de reforzo nestas materias xa que ante a ausencia de alumnado non se pode recuperar dun xeito igual ao da clase individual. Moi positivo o obradoiro de composición en grao profesional.

LINGUAXE MUSICAL

Dificultades con respecto á incorporación de persoal substituto.

CORDA PULSADA

En canto ás programacións, ampliarase repertorio de mulleres compositoras e revisaranse as pautas referentes ás probas de acceso de guitarra eléctrica e baixo eléctrico despois da experiencia deste primeiro ano das especialidades.

CORDA

Plantexa eliminar ou minimizar a impartición de clase en estudos. Tamén demanda unha repartición equilibrada do profesorado pianista acompañante, xa que indican unha mellorable coordinación e planificación eficiente das audicións. Moi destacable o labor do profesorado que leva as agrupacións, así como a proposta de achegamento á viola para alumnado de violín.

PERCUSIÓN

Faise necesaria a presenza de alumnado en primeiros cursos para que poidan chegar ás agrupacións de GP.

VENTO MADEIRA

Departamento con moita actividade que valora positivamente o labor do profesorado pianista acompañante. Plantéxanse pequenas modificacións da programación, no tocante a repertorio pero tamén a elaboración de ferramentas de avaliación.

Solicítase unha mellora da comunicación de baixas e altas do profesorado, así como o aproveitamento de aulas e estudos en busca dunha xornada eficiente e produtiva.

VENTO METAL

Recoñece o bo desenvolvemento do alumnado, a alta participación en actividades. Este departamento foi actualizando as súas programacións cunha boa comunicación e as propostas de mellora chegan de forma regular. Hai unha reflexión e valoración positiva sobre si mesmo, coído que de xeito moi acertado.

TECLA

Necesidade de renovar os pianos ou mellorar no seu mantemento, tanto nas aulas como nos estudos. Reclámanse tamén metrónomos e banquetas regulables.

Amosan dificultade para organizar cursos debido ás exixencias da ANPA; solicitan mecanismos para poder levalos a cabo.



As actividades de todos estes departamentos poden verse no calendario creado a tal efecto así como na memoria de vicedirección.

PIANISTAS ACOMPAÑANTES

Varios profesores escribiron ao centro para deixar constancia que non estaban de acordo co reflexado na memoria de departamento. As datas de audicións non coinciden coas programadas. Maniféstase unha oposición á modificación do sistema de reservas en busca da súa mellora.

Por parte do equipo directivo, farase unha análise das necesidades para optimizar os horarios e a organización tanto de ensaios como de audicións coa finalidade de mellorar estes procesos.

Ademais disto, solicítanse máis pianos e banquetas, así como a mellora da iluminación da Sala de Cámara.

4.1.1 Análise e medición

Os resultados de avaliación son altamente positivos. Na convocatoria extraordinaria, a pesar de que moito do alumnado non se presenta, no caso do alumnado que se presenta as porcentaxes de aprobadas/os é alta.

Ademais dos procedementos de avaliación do centro, evidencias como premios en concursos a nivel nacional ou éxito en probas de acceso a diversos centros de ensinanzas superiores amosan a correspondencia cun moi bo desempeño.

4.2 Comisión de coordinación pedagóxica

As principais cuestións neste curso tiveron que ver coa información das diferentes coordinacións, así como o establecemento de criterios de diferentes procedementos. Tamén se repartiron as audicións dende principio de curso.

Coido que este órgano pode ter máis capacidade de decisión e non actuar de mero comunicador, xa que ás veces podemos perder información no camiño ou a información pode chegar dende plantexamentos ou puntos de vista diversos.

O debate de mellora do sistema de pianistas acompañantes plantexouse dende inicio de curso, mais non se chegou a un nivel de concreción real. PM: axustaranse as condicións iniciais no vindeiro curso en función da análise e actividade do curso pasado, co fin de aproveitar os recursos de forma máis eficiente e de evitar discriminación á hora das reservas.

Quedou pendente a aprobación das bases do concurso de solistas.

PM: Deseño coordinado das probas aos diferentes cursos, para que non sexa unha maratón de exames senón uns exercicios completos e ben deseñados, cunhas ponderacións axeitadas e proporcionadas.

PM: No reparto de audicións por departamento, é importante ter en conta ao profesorado pianista acompañante, para evitar saturacións ou simultaneidades.

4.3 Equipo de dinamización da lingua galega

Importantes e valiosas actividades. Concertos de grande éxito. Alta implicación con diversos departamentos e coordinacións.

PM: Presentación proxecto axudas para o fomento do galego, revista.



4.4 Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Non existe como tal, mais existe unha importante interrelación entre as coordinacións EDLG – Igualdade – Grao Elemental – Vicedirección. Valórase a posibilidade de, en vindeiros cursos, ter un equipo neste eido, con importante labor de difusión en redes.

4.5 Coordinación do grao elemental

Análise exhaustiva na memoria de coordinación. Pode servir de exemplo para outras compañeiras e compañeiros.

Foi unha coordinación cun traballo constante e intenso ao longo do curso, que desenvolveu accións de carácter organizativo e informativo dun gran valor xa que resolveron moitas das dúbidas das familias. Ademais, no tocante á promoción das ensinanzas tivo un papel fundamental na mellora da tendencia do alumnado que accede.

As principais dificultades tiveron que ver coa saturación organizativa.

PM: Optimización dos cambios de grupo, aproveitamento dos espazos comúns (trasladable a outras coordinacións), banco de recursos compartidos.

4.6 Coordinación das tecnoloxías da información e comunicación

Evolución importante da cantidade de contido elaborado:

+85 vídeos editados (tutoriais para uso do material, promoción, audicións, concertos...)

Activación de contas en redes sociais (principalmente Instagram e YouTube)

PM: mellor aproveitamento de recursos técnicos e humanos, mellora da sincronización co proxector, reducir improvisación e mellorar a recollida de espazos.

4.7 Coordinación da biblioteca

Proposta de participación no PLAMBE para o vindeiro curso.

Continuación do labor de catalogación.

Destacada adquisición de materiais de mulleres compositoras.

Continuación coa actividade do Club de lectura.

PM: Redeseño do espazo de xeito que poida abranguer diferentes tipos de actividades.

5 Memoria de xestión económica



RESUMO CONTABILIDADE 2024

INGRESOS 2024	
ORIXE	INGRESOS
Remanente 2023	80.640,03 €
Gastos de funcionamento (descontado anticipo)	65.585,00 €
Gastos de funcionamento (anticipo 2025) (09-12-2024)	67.299,00 €
Renovación certificación ISO 9001:2015	1.225,13 €
Gastos Innovart 2024 (30-08-2024)	920,00 €
PFFP (25-10-2024) (resto)	392,01 €
Club de lectura. (21-01-2025) ** Rectificación (28-01-2024)	900,00 €
SEPIE	44.723,20 €
TOTAL INGRESOS	261.684,37 €

GASTOS 2024			
PARTIDA	ORZAMENTO	GASTOS	DIFERENZAS
Axudas de custo e locomoción	500,00 €	969,44 €	-469,44 €
Comunicacións	3.500,00 €	3.196,27 €	303,73 €
Gastos diversos	2.925,03 €	2.246,25 €	678,78 €
Material de oficina	5.000,00 €	4.582,75 €	417,25 €
Mobiliario e utensilios inventariables	10.000,00 €	6.712,83 €	3.287,17 €
Outros materiais inventariables	4.000,00 €	4.443,74 €	-443,74 €
Reparacións, mantemento e conservación	61.000,00 €	65.685,04 €	-4.685,04 €
Subministracións	51.000,00 €	47.122,64 €	3.877,36 €
Traballos realizados por outras empresas	3.500,00 €	3.031,63 €	468,37 €
Transporte	4.500,00 €	3.617,90 €	882,10 €
Tributos	300,00 €	193,75 €	106,25 €
TOTAIS	146.225,03 €	141.802,24 €	4.422,79 €

PARTIDAS FINALISTAS 2024			
PARTIDA	ORZAMENTO	GASTOS	REMANENTE
Renovación certificación ISO 9001:2015	1.225,13 €	1.225,13 €	0,00 €
Gastos Innovart	920,00 €	920,00 €	0,00 €
Club de lectura.	900,00 €	0,00 €	900,00 €
PFFP	1850,00 €	1856,44 €	-6,44 €
SEPIE	44.723,20 €	0,00 €	44.723,20 €

BALANCE 2024	
Ingresos 2024	261.684,37 €
Gastos 2024	-141.802,24 €
Remanente para 2025	119.882,13 €

DETALLE DO REMANENTE	
Remanente oficial	119.882,13 €
Anticipo 2025	-67.299,00 €
Club de lectura	-900,00 €
SEPIE	-44.723,20 €
Remanente efectivo	6.959,93 €

A principal diferenza respecto aos orzamentos corresponde á partida de Reparacións, mantemento e conservación. Esta diferenza é debido principalmente á reparación de dous pianos en lugar de só un deles como estaba previsto nos orzamentos.

O alto remanente correspóndese cos ingresos recibidos dende o SEPIE (Servicio Español para la Internacionalización de la Educación) dentro do programa ERASMUS+ a desenvolver no noso centro ata o curso 2025-2026.

Doutra banda recibíuse un anticipo do orzamento do ano 2025 con data do 9 de novembro de 2024 que se incorpora a dito remanente.

6 Revisión pola dirección do SXC

6.1 Análise indicadores do proceso

O grao de cumprimento dos indicadores é alto, chegando aos criterios de aceptación establecidos, agás na realización de enquisas que está lixeiramente por debaixo do agardado (28% fronte a un 30%).

6.2 Avaliación de Auditorías e NC do SXC

6.2.1 Resultado das auditorías internas e externas

Os puntos fortes evidenciados nas auditorías atenden principalmente a cuestións relacionadas coa coordinación de igualdade e do proxecto inclusivo, ao sistema organizativo de xestións de incidencias e avarías así como de reserva de espazos. Tamén destaca o completo plan de mantemento.



Os elementos a mellorar corresponden a cuestións de comunicación interna, seguimento nos cadernos de aula así como da avaliación. Detectáronse tamén elementos a desenvolver nas programacións, principalmente depuración de incongruencias e simplificación da linguaxe redundante ou baleira.

6.2.2 Xestión das NC e estado das accións correctivas

Todas as NC detectadas nas auditorías deste curso teñen iniciadas accións correctivas antes do fin de curso.

Si é certo que a existencia do establecemento destas accións correctivas (por parte da empresa auditora) dende a recepción do informe da auditoría externa foi requirido con moi pouco tempo e abrangendo datas de vacacións, ademais de ocorrer en datas de bastante actividade a realizar no centro. Esta cuestión analizouse como moi negativa por parte do equipo directivo así como da RC.

As principais accións a ter en conta para o vindeiro curso son: información dos principais elementos en claustro de profesorado e CCP (calibración, carga de faltas de asistencia, seguimento da programación, evidencias para a trazabilidade das cualificacións), así como a revisión das NC detectadas ata proceder ao seu peche.

6.3 Revisión do DAFO/Partes interesadas/Riscos e Oportunidades

DAFO e Partes interesadas: Analizar as modificacións (se houbo durante o curso) nestes documentos con vista á revisión de Obxectivos do vindeiro curso. Se non houbo, non hai nada que indicar.

Riscos e Oportunidades: Seguimento das acción para abordalos e comprobación da eficacia de ditas accións.

DEBILIDADES	FORTALEZAS
Falta dun equipo de orientación Espazos limitados para cantidade de alumando e profesorado. O aproveitamento non é o idóneo (venres cunha menor carga lectiva). Falta de certa coordinación entre departamentos. Programacións complexas, nalgúns casos redundantes, que foron modificadas parcialmente e amosan incongruencias. Dúvidas sobre o método de comunicación (correo ou centrosnet) Falta de anticipación nas cuestións organizativas.	Claustro de profesorado implicado, con alumnado que alcanza excelentes resultados en concursos, premios e probas de acceso a ensinanzas profesionais e superiores. Contido audiovisual elaborado este ano. Premio Concepción Arenal Acreditación Erasmus+ Ampla oferta de especialidades e actividades extracurriculares.
AMEAZAS	OPORTUNIDADES
Deficiente procedemento de substitucións: perda de días de clase debido a que non se cubren as baixas con inmediatez. Pouca dotación económica e material. Estado das instalacións do centro.	Novas sinerxias con organizacións e entidades (Deputación, AV Labañou, AC Donaire) Conxuntos de salas e teatros na cidade Aumento do interese polas ensinanzas (+100% portas abertas)



Novos paradigmas sociais: inmediatez, falta de hábitos de estudo nos que se require atención continuada.

As nosas ensinanzas son altamente atractivas para poder desenvolver unha mellora da atención, do estudo e da expresión e comunicación.

6.4 Satisfacción das partes interesadas

6.4.1 Análise Enquisas

Acollemento: Valoración positiva. Boa participación en acollemento de persoal pero baixa no acollemento do alumnado.

Satisfacción do alumnado: Valoración moi positiva. Baixa participación.

Satisfacción do persoal: Participación por debaixo do 25%. Valoración maiormente positiva, agás no referente á repercusión do SXC e á coordinación entre departamentos.

Conclusións: plantexamento para o vindeiro curso de accións para mellorar a coordinación entre departamentos, así como outros elementos que, a pesar de valoracións positivas, teñen marxe de mellora, como: ambiente de traballo, difusión da información e impacto na contorna.

6.4.2 Análise Suxestións, Queixas e Reclamacións

Non hai novidades.

6.5 Valoración de Provedores

Nada que destacar.

6.6 Recursos: adecuación e necesidades

Fanse necesarios diversas cuestións de mantemento (fíxose un informe neste curso) en cuestións de pintura, seguridade polas goteiras e humidades, estado do perímetro do centro, salubridade da auga, etc. que deben ser tratadas e melloradas.

Hai unha importante dificultade en relación ás substitucións de profesorado xa que debido ao sistema e aos días que pasan non se garante unha continuidade na docencia en moitos casos. As chamadas fanse dúas veces por semana e isto implica que hai alumnado que perde varias clases. Hai partes de baixa que chegan con posterioridade (neste ano houbo un cunha semana de retraso). O sistema require dun mellor funcionamento.

Este curso estivemos fora do proxecto Donas de si (Proxecta+) cando a actividade de anos pasados foi moi positiva, recoñecida incluso en forma de premio pola Deputación da Coruña.

6.7 Necesidades de cambio no sistema

O sistema necesita, de querer funcionar, partir dunha necesidade e non dunha simple imposición. Coido que falta pedagogía para facer entender ao profesorado da necesidade de certos procesos. Hai unha

compoñente comunicativa importante que penso non está de todo desenvolvida. Por outra banda, deben existir elementos que se poidan medir que respalden o bo camiñar neste eido.

Os centros adscritos non forman parte deste SXC e pode existir unha fenda importante entre a realidade existente en centros dunhas mesmas ensinanzas.

6.8 Propostas de mellora

Entradas	Saídas
OPORTUNIDADES DE MELLORA DETECTADAS	PROPOSTAS/ACCIÓNS (DECISIÓNS DE MELLORA A REALIZAR)
- Incorporación de profesorado masculino no equipo de igualdade Fonte de procedencia: Auditoría interna	Isto foi ampliándose no transcurso do curso pasado, non aínda con horas de adicación no horario, mais si con participación desinteresada.
- Empregar o potencial didáctico e organizativo do persoal docente do centro para facilitar exemplos útiles ao profesorado do conservatorio Fonte de procedencia: Auditoría interna	Si, elaboración de modelos.
- Concienciar da necesaria utilidade das programacións didácticas Fonte de procedencia: Auditoría interna	Si, constantemente.
- Fomentar nos diferentes departamentos a revisión da concordancia entre os instrumentos de avaliación e criterios de cualificación definidos nas programacións e os empregados polo profesorado. Fonte de procedencia: Auditoría interna	Si. Este é un dos elementos máis importantes en relación á mellora.
- Alimentar o rexistro de partes interesadas, desagregando de xeito máis concretos aqueles grupos de interese que poidan ter especial relevancia (Ex. Delegados dentro do alumnado; centros colaboradores nos programas Erasmus, etc.) Fonte de procedencia: Auditoría externa	Incluír para o vindeiro curso.
- Actualizar a web con información que sexa considerada de interese para a comunidade educativa (Ex. Proxecto Educativo, os capítulos da PXA que se considere, etc.) Fonte de procedencia: Auditoría externa	Inclusión na web da devandita documentación
- Plantexar facer simulacro de evacuación ante emerxencias en horario de mañá, para garantir que, con pouco persoal no centro, se asumen de xeito axeitado as funcións recollidas dentro do Plan de Autoprotección. Fonte de procedencia: Auditoría externa	É unha posibilidade mais o impacto é menor xa que hai moita menos cantidade de persoas no centro. Valorarase o ano próximo.

7 Anexos

-
-